



# SÍMBOLOS NACIONAIS DE GALIZA

*o himno e a bandeira*



# SÍMBOLOS NACIONAIS DE GALIZA

*o himno e a bandeira*



Edita: **Vía Galega**  
Deseño: **Sapim Desenho Gráfico**  
Imprime: **Meligraf**  
DL: **C 1231-2022**

# Índice

<b>Limiar</b> Vía Galega	<b>07</b>
<b>Cantar a nazón de Breogán: o himno galego</b> Manuel Ferreiro	<b>09</b>
<b>Bandeiras para unha nación</b> Xoán Costa	<b>25</b>



## Limiar

A pretensión de **Vía Galega**, con esta publicación, é popularizar e divulgar os nosos símbolos nacionais, coñecer a súa historia e significado. Pór ao dispor de toda a sociedade e das distintas organizacións, asociacións, agrupacións e entidades de todo tipo a bandeira e o himno musicado coa letra restaurada. O himno e a bandeira representánnos e identifícanos como Nación. Son a expresión do ser colectivo e da nosa existencia como Pobo e do dereito a existir libremente. O desleixo e desprezo da Xunta de Galiza para con todo o que nos recoñece e nos fai galegos e galegas condúcenos a que teñamos que ser outros os que suplamos a súa misión e obriga de procurar a máxima propagación e coñecemento dos nosos símbolos nacionais

Hai 38 anos que se promulgou a *Lei de Símbolos de Galiza*. Malia distintos intentos, a letra do noso Himno continúa sen ser restaurada oficialmente. Desde aquela, o profesor da UDC Manuel Ferreiro leva publicado varias edicións da historia do himno que reproducen a súa letra orixinal, tal e como a concibiu Pondal. A pesar de diferentes iniciativas, presentadas no Parlamento polo nacionalismo, ao día de hoxe, por moi insólito que pareza, o noso himno continúa sen estar restituído conforme o texto orixinal.

Para esta publicación temos a honra de poder contar coa colaboración de Manuel Ferreiro e Xoán Costa. Todo o noso agradecemento e recoñecemento polos seus excelentes artigos.

Manuel Ferreiro é catedrático da Universidade da Coruña, máximo especialista e investigador do noso himno e da obra de Eduardo Pondal. No seu traballo, dános conta da orixe, historia e creación do Himno. Examina o seu significado e a alta calidade literaria do poema *Os Pinos*. Analiza as alteracións e erros que se

foron transmitindo no Himno, alleos á vontade de Pondal, e propón a necesidade de corrixilos para recuperar a letra orixinal.

Xoán Costa é profesor, presidente do Consello de Administración de Sermos Galiza e investigador da nosa bandeira. No seu artigo, fai un percorso histórico sobre a conformación da bandeira galega, desde as súas orixes, nas que só era un concepto, a como xa no derradeiro cuarto de século XIX as cores azul e branca eran identificadoras da nosa bandeira até a súa forma oficial actual. Infórmanos, tamén, das distintas bandeiras galegas que colocan sobre a franxa azul outros elementos, destacando a popularidade da bandeira coa estrela vermella, adoptada polo movemento soberanista.

Para Vía Galega é necesario e urxente modificar a *Lei de Símbolos* para restaurar oficialmente a letra do noso Himno, tal e como foi creada por Eduardo Pondal. Non hai razón nin xustificación posíbel para non emprender a súa restauración.

Só desde a incuria e adulteración e menosprezo da nosa historia e cultura se pode manter esta situación. Restituamos, entre todos e todas, o noso Himno cantando a versión orixinal e ondeemos permanente as nosas bandeiras, como unión e afirmación patriótica dunha nación que ten vontade e aspira a ser libre.

Vía Galega



## Cantar a *nazón* de Breogán: o himno galego

Os tres principais símbolos da identidade nacional (bandeira, escudo, himno) foron estabelecidos e fixados na maioría das nacións europeas ao longo do século XIX, quer nas consolidadas como Estados, quer naquelas outras, como Galiza, precisadas de recoñecemento. A través destes símbolos, unha nación exhibe e proclama a súa identidade e soberanía (real ou desexada), revelando o seu pasado, o seu pensamento e, en definitiva, a súa vontade de existencia e permanencia.

Así pois, coas excepcións da Gran-Bretaña e de Francia, que contaban con himnos anteriores, a maioría das nacións europeas crean, difunden e oficializan un himno nacional a partir de mediados do século: Dinamarca, 1840; Italia, 1846; Austria, 1847; Grecia, 1864; Noruega, 1864; Cataluña, 1889-1892 etc. Galiza, aínda que nación sen Estado, non foi allea a este movemento de creación e consolidación de elementos simbólicos identificadores. Efectivamente, foi durante o Rexurdimento (a partir de 1880) cando comezan a aparecer múltiples iniciativas para a creación dun himno nacional derivadas do sentimento de necesidade dun símbolo que nos identificase aos galegos e galegas colectivamente como nación.

A primeira e explícita proposta para un himno aparece con motivo da Exposición Rexional celebrada en Pontevedra en 1880, a partir da convocatoria dun premio para un "Himno á Galicia" en galego. Tal premio foi adxudicado ao texto de Andrés Muruais (con música de Felipe Paz Carvajal). Após esta primeira tentativa, ao longo das dúas últimas décadas do século XIX e no inicio do século XX irán aparecendo progresivamente outras propostas de maior ou menor transcendencia e/ou difusión. Deste xeito, merecen ser lembradas algunhas iniciativas importantes, aínda que finalmente fracasadas, en anos sucesivos: *Himno a Galicia*, 1880 (texto de Manuel Barros, música de Ricardo Pérez Camino), *Himno Gallego*, 1886 (texto de Ramón Armada Teixeira, música de

Felipe Pereira), *Galicia! Hino Popular Rexional*, 1893 (texto de Galo Salinas, música de Varela Silvaredo), *Deus Fratresque Gallaeciae*, 1911 (texto de Alfredo Brañas, música de Luís Taibo García) ou *Acción Galega*, 1913 (texto de Ramón Cabanillas, música de Adolfo Campos López), entre outras.

Sen considerar por agora o texto (e música) que finalmente se consolidou como himno galego, de todas as iniciativas ou propostas históricas, esquecendo outras de menor relevo, só dúas foron verdadeiramente importantes por teren certa difusión e aceptación popular. En primeiro lugar, o himno de Alfredo Brañas (con música de Taibo García), porque conviviu algún tempo co himno pondaliano en actos das Irmandades da Fala, e máis tarde foi adoptado como oficial polas Mocidades Galeguistas. Eis o estribillo deste himno:

Cantai, galegos,  
o hino xigante  
dos pobos libres,  
dos pobos grandes;  
cantai, galegos,  
a idea santa  
da independencia  
da nosa patria.

En segundo lugar, cómpre ter presente o texto do poema *Acción Galega* de Ramón Cabanillas, que foi adoptado como himno no seo do importante movemento agrarista galego que se desenvolveu nas primeiras décadas do século XX, cun estribillo que chamaba explicitamente ao combate:

Antes que ser escravos,  
irmáns, irmáns galegos!,  
que corra a sangre a regos  
dend'a montana ó mar.

\*\*\*

O Himno Galego nace, igual que outros himnos nacionais, a partir dun certame convocado para ese fin. Con data de 22 de maio de 1890, o Orfeón Coruñés nº 4, dirixido por Pascual Veiga, músico mindoniense de recoñecida traxectoria nacionalista, convoca un Certame Musical na Coruña, que contén unha sección dedicada á composición, con un premio á mellor "marcha rexional galega" escrita para orfeón sobre o texto do poema *Os Pinos* do "ilustre vate" Eduardo Pondal.

Efectivamente, para escribir o texto do futuro Himno Galego, Pascual Veiga xa pensara previamente na figura máis sobranceira do mundo da creación poética galega do seu tempo, Eduardo Pondal, a quen lle encarga a elaboración dese

texto "con obxecto de que, a maneira da Marcha Real, Marsellesa etc., sexa cantado en toda a Galiza co entusiasmo que desperta no ánimo o Sentimento da patria".

Coa morte de Rosalía en 1885 e con Curros fóra do país (traballou durante longos períodos en Madrid, antes da súa marcha á Habana en 1894), para a escrita dun texto para o himno galego o Bardo bergantiñán era a única escolla posíbel nesta altura na Galiza renacente. Eduardo Pondal, inscrito politicamente no movemento democrático e protonacionalista desde o Banquete de Conxo (1856), era poeta recoñecido desde había décadas, sobre todo a partir da publicación de *Queixumes dos pinos* (1886), a súa obra-mestra.

Creador dun poderoso universo poético, Pondal representaba o canto épico a través dunha obra en que poetiza as orixes míticas da patria (por medio do celtismo con base na figura de Breogán, o fundador en primeira instancia da nación), en que canta as súas batallas e as súas glorias: o poeta e os seus cantos poéticos representan a voz da terra e a asunción dunha misión bárdica que Pondal levou ás súas últimas consecuencias.

Ao tempo que construía unha obra poética sempre posta ao servizo da redención da patria galega, mantíñase atento aos movementos nacionais de liberación que se producían en Europa: na súa obra hai alusións aos patriotas gregos e irlandeses e existen referencias poéticas a Serbia, Polonia ou Ucraína, entre outras, nacións inmersas daquela en procesos libertadores, sen esquecer Cataluña, invocada directamente a través da citación dun verso do seu himno (*Bon cop de falç!*). Velaí a última estrofa dese poema:

S'é que vos non escuitan,  
se caso non vos fan,  
s'insultan vosos males  
con sonrisa procaz,  
despertade, galegos,  
do voso longo afán,  
*despertade, galegos!*  
*Firmes! Bon cop de falç!*

A través da documentación conservada podemos reconstruír o proceso de elaboración do poema que finalmente se convertería en himno. A primeira versión que Pondal envía a Veiga é a seguinte (trasladamos só as catro estrofas iniciais):

Que din os rumorosos,  
Na sua ruda pendente,  
Ó resprandor dormente,  
Do pracido luar?

Que din das altas copas,  
Cheas de mil queixumes,  
Os arpados arumes,  
No seu doce fungar?

–De verdura cingida,  
E de benígnos astros,  
Terra dos verdes castros,  
E do céltico clán;  
Non esquezas escura,  
Da injuria o rudo encono;  
Desperta do teu sono,  
Filla de Breogán.

Tódol'os generosos,  
Nosos cantos entenden;  
E docemente atenden,  
O noso rouco son:  
Mas aqueles ignaros,  
Avarentos e duros,  
Preguizosos e escuros  
No-nos entenden, non.

Os tempos son chegados,  
Q' auguráno as edades;  
Q' as tuas vaguedades,  
Cumprimento terán;  
Pois donde quer gigante  
Noso murmullo soa  
A redencion da boa  
Terra de Breogán.

A partir desta proposta inicial, coas indicacións rítmico-musicais de Pascual Veiga (nomeadamente, a necesidade de que a segunda sílaba de cada verso sexa tónica), o poeta elabora a versión final, que foi incorporada ao folleto do certame de 1890 e que é, sen dúbida ningunha, a versión canónica (e definitiva) do texto do himno galego.

Celebrado o Certame na Coruña en agosto de 1890, o concurso, xulgado por un xurado internacional, foi gañado por Ivo Gotós, músico militar catalán, cuxa partitura nin sequera foi interpretada como acto derradeiro do evento, tal como estaba previsto. Deste modo, esquecida a música gañadora, así como as restantes partituras presentadas ao concurso (dez en total), só a música que Pascual Veiga compuxera para o texto pondaliano tería algunha presenza, pois

existe constancia da súa interpretación en diversas ocasións a través dos coros que o músico mindoniense dirixiu posteriormente até a súa morte en 1906.

Non obstante, é en Cuba, no seo da activa comunidade galega emigrada, onde o himno pondaliano foi "oficializado" por primeira vez mercé ao traballo constante, entusiástico e fervorosamente nacionalista, de Xosé Fontenla Leal, que, coñecedor da proposta de 1890 de Pondal e Veiga, solicitou en 1906 unha copia da partitura ao músico e conseguiu a súa declaración de oficialidade para todos os actos do Centro Galego. Así, o himno foi interpretado solememente por primeira vez o día 20 de decembro de 1907, no Gran Teatro da Habana, nunha importante velada para honrar a memoria do músico mindoniense. A partir destas datas, o Himno xa ten presenza en todas as actividades oficiais da comunidade galega en Cuba, que en 1909 "reenvía" o texto e a partitura para Galiza. A partir deste momento, o himno de Pondal & Veiga comeza unha rápida expansión, provocando o esquecemento das outras propostas hímnicas que na Galiza ou nas comunidades emigradas existían. Non obstante, haberá que esperar a 1912 para a primeira interpretación explícita, pública e solemne, no territorio galego, por mor da translación dos restos mortais de Pascual Veiga a Mondoñedo no día 17 de setembro. A partir deste momento, decontado o himno comeza a aparecer en celebracións e solemnidades ligadas a figuras sobranceiras galegas, especialmente Rosalía, ademais de ser incorporado ao repertorio dos numerosísimos coros que comezaban a multiplicarse en Galiza.

É a partir dos anos 1915-1916, grazas ao impulso dado polo alcalde coruñés Manuel Casás á súa interpretación, que o Himno comeza a ser ouvido publicamente na cidade herculina, onde se poden salientar dous actos importantes: a Festa Galega de 1916, coa interpretación do Himno por parte de diversos coros, e mais a homenaxe a Concepción Arenal, con instrucións directas do alcalde coruñés, en escrito asinado o 4 de setembro de 1916, ás escolas para facilitar que os alumnos aprendan e ensaien a interpretación do Himno para a súa actuación pública a partir da cooperación do profesorado, chamado a prestar o seu esforzo persoal e o seu entusiasmo:

*Encarezco de los Sres. Profesores y Profesoras de las Escuelas Nacionales que se sirvan dar todo género de facilidades para que los alumnos y alumnas de aquellos centros ensayen, bajo la dirección de los músicos de la banda del regimiento de Isabel la Católica, el himno a Galicia, de Veiga y Pondal, a fin de cantarlo en la fiesta de inauguración del monumento erigido a la ilustre escritora Doña Concepción Arenal.*

Ao mesmo tempo, a Banda Militar incorporáoa ao seu repertorio nas actuacións semanais nos xardíns coruñeses de Méndez Núñez, con extraordinaria acollida popular.

Neste mesmo ano de 1916, tamén na Coruña, fúndanse as Irmandades da Fala, que adoptan o himno pondaliano como himno nacional galego. O labor cultural, político e propagandístico das Irmandades por todo o país esténdeo a todos os recantos de Galiza: comeza a consolidarse como símbolo nacional, sendo interpretado en todo tipo de eventos, quer políticos, quer culturais ou festivos. Ao mesmo tempo, xa desde o comezo de expansión do Himno se consolida o cerimonial ligado á súa interpretación: público de pé, homes coa cabeza descuberta e ambiente solemne, como corresponde a tan alto símbolo da nación. A acción das Irmandades é rapidamente compensada coa súa asunción popular, de modo que, aos poucos, un himno inicialmente descoñecido pola maioría da poboación vaise convertendo nun verdadeiro símbolo nacional: para alén de actos políticos, o Himno está presente en todo tipo de actividades culturais (ciclos de conferencias, representacións teatrais, exposicións...) en convivencia cos festivais musicais a cargo dos coros, que sempre o interpretan como acto final das súas actuacións, o mesmo que comeza tamén a aparecer na clausura das festas populares.

En 1923 prodúcese o golpe de Estado e comeza a ditadura de Primo de Rivera, coa conseguinte mingua das expresións públicas do Himno, o mesmo que outras actividades ligadas ás reivindicacións do galeguismo e/ou nacionalismo, que sobrevive traballosamente até 1931, ano en que se produce o final da ditadura e a proclamación da República, momento en que se reorganizan as asociacións e agrupacións nacionalistas. Neste sentido, é fundamental a fundación do Partido Galeguista; na Asemblea constitutiva celebrada en Pontevedra durante os días 5 e 6 de decembro de 1931, e nos principios políticos desta organización, o himno pondaliano é declarado "himno nacional":

*O noso himno nacional é o himno galego, escrito pol-o gran poeta Eduardo Pondal e con música do compositor Pascual Veiga. Iste himno foi titulado pol-o seu autor OS PINOS, porque n-il os piñeiros representan os nosos antepasados que chaman por nós pra que defendamos a nosa Patria, a Patria galega.*

Porén, a guerra civil (1936-1939) e a posterior ditadura franquista (1939-1975) prohíbe de facto toda expresión política allea ao réxime e, consecuentemente, calquera aparición pública do himno, que antes tiña presenza xeral en toda a nación. Deste xeito, o himno convértese nun símbolo máis da loita antifranquista, antifascista e de reivindicación política democrática na Galiza. Nestas décadas, por tanto, o himno sobrevive "exiliado" na conciencia da cidadanía e nas comunidades galegas en América, que o continúan utilizando nas efemérides e eventos ligados a Galiza ou aos seus persoeiros, o mesmo que nas celebracións do 25 de xullo.

Coa morte de Franco e a desaparición da ditadura, o Himno é recuperado con normalidade polas organizacións políticas democráticas, para alén da súa renovada presenza en todo tipo de actividades culturais e/ou reivindicativas no período da 'Transición'. Aprobado o Estatuto de Autonomía en 1981, en que se recoñece que Galiza ten himno "de seu", o Himno Galego é definitivamente institucionalizado na Lei de Símbolos de 1984 aprobada polo Parlamento galego, dando cumprimento á súa existencia "no ánimo e no pensar do pobo", oficializando a letra e música que "Pondal e Veiga puxeron na memoria e na boca dos galegos".

\*\*\*

Desde o comezo da expansión do Himno, as nove estrofas orixinais do poema pondaliano *Os Pinos* ficaron na práctica reducidas ás catro primeiras, por obvias razóns de extensión do texto e de tempo necesario para a súa interpretación (musical e vocal). Todas as publicacións do texto desde 1916 en diante inclúen estas estrofas canónicas, finalmente consolidadas, desde a década de 20, na práctica social e no recoñecemento institucional.

No entanto, debe ser sinalado que o texto do Himno aprobado na Lei de Símbolos de 1984 presenta problemas relativos á presentación formal e a cuestións tipográficas (o texto do noso himno é un diálogo). Máis aínda, aparecen algúns importantes erros alleos á vontade de Eduardo Pondal que, con certeza, son produto dunha transmisión irregular do poema, inicialmente difundido nas comunidades galegas de América a partir de impresas que serían, en xeral, estrañas a Galiza e ao galego. Se a isto lle sumamos que é un texto cantado, temos a explicación para unha acumulación de erros que será necesario corrixir para rehabilitar integramente o noso símbolo nacional máis evidente. A partir da existencia de múltiples redaccións manuscritas do poeta, e, sobre todo, da primeira publicación do texto (única autorizada polo poeta) no folleto do certame de 1890 podemos afirmar, sen dúbida ningunha, que deben ser restauradas: a) formas galegas usadas por Pondal para substituír castelanismos ou hiperenxebrismos introducidos tardiamente no texto: *rouco* (\*ronco), *sós* (\*soio), *ignorantes* (\*iñorantes)...; b) formas propias do poeta, substituídas por outras variantes ou formas inexistentes: *cinxido* (\*cinguido), *féridos* (\*féridos)...; c) termos orixinais que foron malinterpretados: *clan* (\*chan).

Deste modo, para a rehabilitación completa dos sinais de identidade do pobo galego cómpre tamén a recuperación da letra certa do Himno, un dos símbolos que nos identifican colectivamente, tal como a Lei proclama. É por isto que este labor de restauración textual do Himno Galego, para combinar o respecto ás creacións de Eduardo Pondal –texto literario– e Pascual Veiga –partitura– cunha axeitada, e definitiva, actualización para os tempos presentes e futuros é

aínda unha tarefa pendente, que non resolveron diversas iniciativas no Parlamento: constitución, por iniciativa do grupo do Bloque Nacionalista Galego, dunha ponencia parlamentaria conxunta para estudar e propor as correccións precisas na letra do Himno (1996); aprobación unánime dunha Proposición non de Lei, en que se instaba a restaurar a letra fidedigna do Himno e a facer cumprir e divulgar a Lei 5/1984 (2001); novo intento –fracasado– do BNG para promover a restauración da letra verdadeira do Himno (2018).

\*\*\*

Ideolóxica e literariamente, o Himno é unha síntese da lírica pondaliana, con presenza dos principais elementos constitutivos do seu universo poético. É un poema que exhorta á necesaria redención dun pobo asoballado no presente, que precisa recoñecerse na súa paisaxe, na súa historia e na esperanza dun futuro digno do seu heroico e glorioso pasado.

Como tal texto literario, de alta calidade artística, cómpre que sexa lido e interpretado. Os piñeiros (os “rumorosos”), presentes no título do poema e mais no seu primeiro verso, son interrogados polo poeta para que revelen a mensaxe que desexan transmitir a todo o pobo galego. O himno comeza, por tanto, cunha pregunta (reiterada):

*Que din os rumorosos,  
na costa verdecente,  
ó raio transparente  
do prácido luar...?  
Que din as altas copas  
de escuro arume harpado  
co seu ben compasado,  
monótono fungar...?*

A escenografía inicial presenta a Terra a través dos piñeiros (os “rumorosos”), o mar (a “costa verdecente”), a música natural producida pola ramaxe dos *rumorosos* (o “arume harpado” que emite o “compasado” e “monótono fungar”) e o firmamento (o “prácido luar”), elementos escollidos todos eles porque son identificadores da Galiza. De igual modo, os penedos, os monumentos megalíticos (castros, dolmens) ou a grandiosa paisaxe de Bergantiños e Xallas até a Costa da Morte, isto é, a xeografía nativa e literaria de Eduardo Pondal, que foi utilizada polo poeta como metonimia de Galiza enteira, representan o elemento telúrico, inconmutábel e imprescindíbel, para a resurrección e redención da patria.

A partir desta estrofa inicial, nas restantes (até o final do Himno) aparece a resposta dos piñeiros á pregunta formulada na primeira estrofa.



Cal é, pois, a mensaxe dos piñeiros e mais da natureza acompañante?  
Na segunda estrofa, os piñeiros diríxense directamente ao pobo galego (o “fogar de Breogán”):

*«Do teu verdor cinxido  
e de benignos astros,  
confín dos verdes castros  
e valeroso clan,  
non des a esquecemento  
da inxuria o rudo encono;  
desperta do teu sono,  
fogar de Breogán».*

A invocación ao colectivo, á nación galega, asenta nun pasado heroico de resonancias célticas (“verdes castros”, “valeroso clan”), nun tempo en que, nesta concepción mítico-poética, os galegos e as galegas naceron á historia nos “célticos eidos” en combate contra o “duro romano”.

Na obra poética de Pondal, son moitas esas escenas poéticas que presentan aos nosos antepasados celtas (galegos) en loita cos romanos (casteláns, españois). Así describe Pondal á guerreira celta Maroñas que morre na batalla contra os invasores:

Despois do duro combate,  
qu'o nobre celta Folgar  
contra do esquivo romano  
librou de Xallas no chan,  
en que tantos esforzados  
perdeno a luz xogoral,  
no medio da esquiva gandra,  
asomellante ó estrelar,  
que s'apaga receoso  
do monte Meda detrás,  
morría a linda Maroñas  
dunha ferida mortal  
no branco peito, cal rosa  
cortada do vento soán [...]

O chamamento á loita para a redención da patria na poesía pondaliana parte decote da invocación do carácter céltico do pobo galego:

Dos celtas antigos  
gloriosos exemplos;  
do duro romano  
non lixios<sup>1</sup>..., non servos:

<sup>1</sup>Lixios é o mesmo que vasalos.

rompede as cadeas  
dos pátridos eidos;  
luitade bríosos, luitade valentes,  
*luitade, galegos [...].*

A mensaxe actualizadora, como imperativo categórico (“desperta do teu sono”), concrétese na utilización de un dos referentes máis recorrentes da poesía decimonónica e, nomeadamente, da pondaliana: os galegos e as galegas, para despertaren do sono secular, precisan ter presente o “rudo encono” da inxuria sufrida historicamente:

Esfarrapados  
e boos galegos,  
que de sofrenza  
sodes exempro;  
fillos dos celtas,  
fillos dos suevos,  
que do banquete  
fostes exentos,  
mentres qu'os vosos  
esquivos deudos,  
torpes rotando<sup>2</sup>,  
duros e cheos,  
punxentes mofas  
fixeno ó vervos,  
aleixoados e postos en rolda  
cal cans famentos  
qu'o ruído esperan  
dun vil codelo...,  
*decide comigo,*  
*inxuriados e rudos galegos,*  
*decide comigo:*  
*«Ou honra... ou ferrol!».*

A inxuria refírese, sen dúbida, ao conxunto de prexuízos e descualificacións contra Galiza e os galegos que, desde os Séculos Escuros, se manifestou na Península, especialmente nos territorios do centro e do sur. Os aristócratas galegos do século XVII e os nosos intelectuais, nomeadamente Diego Antonio Cernadas Castro (o Cura de Fruíme) e o Padre Martín Sarmiento, no século XVIII, e mais todos os persoeiros do galeguismo decimonónico denunciaron decote o ambiente xenófobo e racista contra o noso país. Neste sentido, na obra de Pondal existen numerosos poemas que, no ronsel de Rosalía, explicitamente denuncian e combaten rexamente esa campaña antigalega e galaicofóbica a través do recurso á fouce (o símbolo do agrarismo) e da sega (lémbrese a emigración anual de homes ás segas en Castela):

<sup>2</sup>Rotar é variante de arrotar 'botar arrotos, eruptrar'.

Honrados e duros  
e fortes galegos,  
afiade esas fouces  
de fúlxido aceiro.  
Da máis grande sega  
chegaran os tempos:  
*afiade esas fouces,  
afiade, galegos.*

A gran prostituta  
d'España no centro,  
cand'é que pasades,  
vos dice: "Gallegos".  
Da grande cosecha  
chegaran os tempos:  
*afiade esas fouces,  
afiade, galegos. [...]*

E o apelo á defensa da galegitude de novo vai acompañado da reivindicación céltica, trazo identitario galego fronte a outras nacións ou pobos peninsulares:

Castellaos cativos,  
non perda-lo tempo  
en dar vosa fala  
aos nobres galegos,  
os vosos costumes  
e os vosos acentos.  
Con Dios vos quedade,  
castexaos do demo...:  
*nós somos do galo,  
nós somos dos suevos,  
nós somos dos celtas  
nós somos galegos.*

Volvendo ao himno, a terceira estrofa, o poeta presenta a dicotomía entre os galegos "bos e xenerosos", que entenden a mensaxe redentora ("a nosa voz" e "o noso rouco son"), en face dos "ignorantes, e férridos e duros, imbéciles e escuros", xordos á voz da Terra:

*«Os bos e xenerosos  
a nosa voz entenden,  
e con arroubo atenden  
o noso rouco son;  
mas só os ignorantes  
e férridos e duros,*

*imbéciles e escuros,  
non os entenden, non».*

A exhortación final aparece na cuarta estrofa, porque, por fin, xa “son chegados” os tempos dos célticos bardos en que se cumprirá a profecía libertadora coa “redenzón da boa nazón de Breogán”:

*«Os tempos son chegados  
dos bardos das edades,  
que as vosas vaguedades  
cumprido fin terán;  
pois donde quer, xigante,  
a nosa voz pregoa  
a redenzón da boa  
nazón de Breogán».*

A voz colectiva da nación proclama a necesidade de axir para liberar a patria da histórica e *punxente servidume*. Lémbrese que no momento da escrita do texto, estaban a darse os pasos teóricos e prácticos para o proxecto de redención nacional a través da publicación de obras sobre o rexionalismo (Brañas e Murguía) e da creación de organizacións do movemento protonacionalista galego.

En resumo, trátase dun poema dialóxico (pregunta / resposta) e dicotómico, construído a base de dualidades e oposicións: esquecer vs. despertar, bos e xenerosos vs. férridos e duros...; e, ao mesmo tempo, é un poema inscrito no celtismo, na procura dunhas bases históricas poético-míticas en que asentar a renacementa da nación galega. Renacementa poetizada a través dun tempo e dunha épica nacional (celtas vs. romanos = Galiza vs. Castela): os celtas, isto é, os primeiros galegos e galegas (o pobo orixinario), son os alicerces da patria, a base da nacionalidade galega, dun tempo en que ela se ergueu libre e soberana, antes da conquista, da derrota e da rendición. Esta é a funcionalidade principal do celtismo no Himno e no conxunto da lírica pondaliana, que Murguía e outros autores desenvolverían en prosa histórica e que vertebra un poema cargado de proxección patriótica, convertido desde hai máis dun século no Himno nacional galego.

\*\*\*

Transcorreron 115 anos desde a primeira interpretación 'oficial' e solemne do Himno (1907), e máis de 130 anos desde o seu nacemento (1890). Certamente, o Himno é un dos selos que certifican a existencia da nación galega: neste sentido, todos nós podemos –e debemos– estar orgullosos da existencia e da vixencia dun símbolo que naceu e que pervive para mostrar publicamente a pertenza de todos os galegos e galegas a unha mesma Patria, Galiza.

# Himno galego coa letra restaurada

(tal como debe ser cantado)

Que din os rumorosos,  
na costa verdecente,  
**ó** raio **transparente**  
do prácido luar...?  
Que din as altas copas  
de escuro arume harpado  
co seu ben compasado,  
monótono fungar...?

“Do teu verdor **cinxido**  
e de benignos astros,  
confín dos verdes castros,  
e valeroso **clan**,  
non des a esquecemento  
da inxuria o rudo encono:  
desperta do teu sono,  
fogar de Breogán.

Os bos e xenerosos  
a nosa voz entenden,  
e con arroubo atenden  
o noso **rouco** son;  
**mas sós** os **ignorantes**  
e **férridos** e duros,  
imbéciles e escuros,  
non os entenden, non.

Os tempos son chegados  
dos bardos das edades,  
que as vosas vaguedades  
cumprido fin terán,  
pois donde quer, xigante,  
a nosa voz pregoa  
a redenzón da boa  
nazón de Breogán”.



Descarga o himno en mp3

Texto: Eduardo Pondal  
(1835-1917)

Música: Pascual Veiga  
(1842-1906)

Aire marcial

Tenores  
1º e 2º

Baixos

Piano

*f*

*ff*

8

*p*

Que din os ru-mo - ro - sos, na cos-ta ver-de-cen - te, ó ra - io tras - pa -  
bos e xe-ne - ro - sos a no - sa voz en - ten - den, e con a - rrou-bo a -

8

*p*

Que din os ru-mo - ro - sos, na cos-ta ver-de-cen - te, ó ra - io tras - pa -  
bos e xe-ne - ro - sos a no - sa voz en - ten - den, e con a - rrou-bo a -

8

*p*

ed: Fernando G. Jácome

Fonte: Partitura musical do himno en *Apuntes para la Historia del Centro Gallego de Las Habana de 1879 á 1909, Habana, 1909*

## Símbolos nacionais de Galiza: o Himno e a bandeira

14

*dolce*

ren - te do prá - ci - do lu - ar...? Que din as al - tas co - pas de es -  
ten - den o no - so rou - co son; mas sós os ig - no - ran - tes e

14

*dolce*

19

*f*

cu - ro a - ru - me har - pa - do co seu ben com - pa - sa - do, mo - nó - to - no fun -  
fé - rri - dos e du - ros, im - bé - ci - les e es - cu - ros, non os en - ten - den,

19

*f*

24

*p*

gar...? "Do teu ver - dor cin - xi - do e de be - nig - nos as - tros, con - fín dos ver - des  
non. Os tem - pos son che - ga - dos dos bar - dos das e - da - des, que as vo - sas va - gue -

24

*p* *f*

Cantar a nazón de Breogán: o Himno galego | Manuel Ferreiro

30 *con anima* *dolce*

cas - tros, e va - le - ro - so clan, non des a es - que - ce - men - to da in - xu - ria o ru - do en -  
da - des cum - pri - do fin te - rán, pois don - de quer, xi - gan - te, a no - sa voz pre -

30 *con anima* *dolce*

36 *f e con brio*

co - no: des - per - ta do teu so - no, fo - gar de Bre - o - gán. Os gán". Na - zón de Bre - o -  
go - a a re - den - zón da bo - a na - zón de Bre - o - gán". Na - zón de Bre - o -

36 *f e con brio* *p*

42

gán, de Bre - o - gán. Na - zón de Bre - o - gán, de Bre - o - gán.

42 *ff*



## Bandeiras para unha nación

Escrebe Rosalía de Castro no Prólogo de *Follas Novas*: “*N’era cousa de chamar as xentes á guerra, e desertar da bandeira que eu mesma había levantado*”. É obvio que non está a falar Rosalía do obxecto físico bandeira mais tamén é verdade que foi no ámbito da literatura onde o concepto de bandeira de Galiza se xestou e se desenvolveu e que no momento en que se publica *Follas Novas* (1880) a bandeira galega xa dera o tránsito do concepto á imaxe, pois, coa forma e proporcións con que hoxe a coñecemos, é unha realidade a finais da década de 1880 e comezos da de 1890.

Mais, antes de alcanzar a forma definitiva, pasaron máis de setenta anos en que a bandeira foi só un concepto sen forma física en que se espellar.

### Seda branca con cenefa azul

A invasión napoleónica permitiu pór á vista dos galegos e galegas a primeira imaxe do que máis tarde sería a nosa bandeira. Aínda non se identificaba como bandeira de noso o pavillón que o Batallón Literario de Santiago levou á guerra, mais aquela bandeira é o máis parecido ao que na derradeira década do século dezanove acabou por se identificar coa bandeira de Galiza, pois esa “seda branca con cenefa azul” identificaba como provenientes do Reino da Galiza os máis de 1300 mozos que a seguían camiño das terras da meseta.

Disolto o Batallón Literario polo grande número de baixas que tivo en Alba de Tormes, a bandeira que portaban quedou depositada en Pamplona. Por orde de 28 de xullo de 1819, foi trasladada a Galiza sendo a Universidade a receptora. Aquel estandarte, honrado en máis dunha ocasión ao longo do século XIX, foi a orixe do concepto, primeiro, e da imaxe, máis tarde, da bandeira da Galiza.

## Xuramos bandeira

O 26 e o 27 de abril de 1822 a Universidade fai unha homenaxe pública ao Batallón Literario. Nas intervencións dos diferentes estamentos universitarios podemos ver unha clara intencionalidade de identificar toda a Galiza co Batallón Literario, sendo a Universidade o elemento de unión. A bandeira do Batallón é identificada como bandeira de todos os galegos pois galegos é o que eran todos os estudantes mortos. E aquel acto de abril de 1822 foi como unha cerimonia de *xura de bandeira* que efectuou toda a comunidade escolástica co obxecto de “ver restituída á súa nai, a Universidade, a bandeira”. Do Cebreiro a Finisterre e de Ortegal ao Miño “corren os gratos galegos a se prostrar ante a bandeira conservada a custo do precioso sangue dos seus irmáns, fillos, sobriños, parentes e amigos” nunha praza que o Concello de Santiago acorda consagrar a perpetuidade á memoria do Batallón Literario.

O decorrer dos días posteriores a 1808, e tamén a 1822, furtou toda posibilidade de izar, onde quer que for e con ese valor, unha bandeira galega. Daí que fose a prensa, ou con máis entusiasmo aínda a literatura, o refuxio simbólico da idea da bandeira, e con ela da idea de Galiza.

Foi así en 1845 cando, en clara alusión á bandeira do Batallón, Antolín Faraldo, en *El Porvenir*, números 11 e 12, publica un texto titulado *Nuestra bandera literaria*. O texto, concibido como un manifesto literario, enlaza directamente co Batallón Literario.

Mais é na segunda metade do século cando comeza a se afortalar o patrimonio simbólico da Galiza. Primeiro coa publicación de *A gaita gallega* e, dous anos máis tarde, en 1855, coa irrupción, na Coruña, dunha cabeceira xornalística denominada *La bandera de Galicia*, xornal que asume, e por iso se ergue como bandeira, a defensa do que hoxe poderíamos chamar intereses galegos.

A partir de 1863 é a literatura a que asume en solitario a “bandeira” de Galiza. Escribir en galego é suficiente marca identificadora. É suficiente bandeira.

## Un estandarte azul e branco

É a partir de 1878 cando comeza a ondear a bandeira física que ten como elemento identificador algo “azul e branco”.

É así na Coruña, o 2 de xullo de 1878, nunha procesión cívica; ou en Ferrol, no ano seguinte, cando o Orfeón Ferrolano percorre as rúas da cidade para implorar a caridade pública en favor dos naufragos do Son. Son as primeiras referencias que encontramos en que as cores azul e branca denotan pertenza a unha comunidade.

Cara a 1880 aparecen contextos en que a bandeira parece ser xa unha referencia física, sen desprenderse totalmente dese valor que chamamos literario. O concepto (algo azul e branco) transfórmase en símbolo que une e identifica.

## A popularización dos símbolos

A prensa é, no século XIX, o principal instrumento popularizador de símbolos. É tamén unha das principais canles de divulgación literaria. A imaxe dunha bandeira azul e branca como símbolo de liberación e independencia nacional é habitual, na prensa que se pode ler na Galiza, desde a década de 1830, no contexto da independencia das colonias españolas de América do Sul, especialmente do Uruguai e a Arxentina. Tamén aparece moitas veces para se referir á bandeira “azul e branca dos nosos queridos veciños portugueses”, que así era, desde 1830 a bandeira de Portugal e así é a utilizada nos numerosos intercambios entre as universidades de Coimbra e Compostela.

## A bandeira de Galiza

En maio de 1879 estréase no teatro de Santiago a obra *Luchar por la patria*, de Alberto García Ferreiro. A acción transcorre antes do combate da Ponte Sampaio. No final da escena X aparece unha personaxe “enarbolando la bandera de Galicia”.

García Ferreiro coñece ben a historia do Batallón literario, e a homenaxe de 1822. El mesmo participou, no ano de 1878, nunha homenaxe a todos os batallóns literarios da Universidade de Santiago (os de 1663, 1665, 1702 e 1808). É neste texto onde encontramos, aínda que sexa na ficción escénica, unha identificación bandeira / Galiza; bandeira / patria e Galiza / patria ao tempo que, probabelmente, sexa tamén a primeira aparición en escena.

Estamos a falar do mesmo ano en que en Ferrol o Orfeón loce estandarte “azul e branco”. Ferrol ou Santiago son só dous exemplos. Outros que podemos citar: agosto 1881. Peregrinos de Tui diríxense a Compostela levando, ao seu paso por Padrón, “unha formosa **bandeira** de raso azul e branco”. Uns anos despois, en 1887, a tuna infantil de Compostela recibe como agasallo “unha preciosa e artística **bandeira de raso azul e branco**”.

No derradeiro cuarto do século XIX algo *azul e branco* percorre os camiños da Galiza, ás veces coa cruz de Santiago sobre a banda azul, outras co escudo, outras sen que hoxe poidamos saber como foi a combinación destas cores, mais sempre respondendo ao concepto *bandeira de Galiza*. En todo o caso, nos comezos da década de 1890, a bandeira galega, coa forma e proporcións con que hoxe a coñecemos é unha realidade e, como tal, é obxecto de interese informativo na prensa do momento. E o máis importante, é asumida polo rexionalismo, como constata Alfredo Brañas no ano de 1893 “... en **Galicia** se daba al mundo un ejemplo heroico de resistencia positiva... se proclamaba el regionalismo y se enarbolaba la **bandera azul y blanca** de la pequeña patria...” (pequena si, decimos nós, mais o nome de patria é habitual).

Algúns acontecementos habidos neses primeiros anos da década, todos de grande impacto social, e todos en Compostela, serviron para facer presente, e visíbel, esa bandeira, unhas veces chamada estandarte e outras pendón.

O primeiro deles, o enterro do Reitor Gerardo F. Jeremías Devesa. A comitiva fúnebre, que transcorreu por varias rúas, levaba **"estandarte color azul y blanco"** de los alumnos del Instituto; seguido por estos" Da mesma maneira e seguindo o mesmo estandarte, ían os estudantes de Veterinaria, Farmacia, Dereito e Medicina.

Mais son os anos de 1891 e 1892 os que van dar o aval público definitivo á bandeira e que permiten entendermos na súa plenitude a cita de Brañas. Sabemos que en maio de 1891 a bandeira estivo presente no traslado dos restos de Rosalía a Bonaval e tamén sabemos que en 1892 o Centro Gallego da Habana realizou o encargo dun estandarte que foi realizado en Compostela e exposto en abril dese ano nas vidreiras do escaparate de Rey y Luengo e que foi unanimemente cualificado pola prensa como notabilísimo traballo. Traballo do que a prensa dá detalles que nos permiten asegurar que á altura de 1892 a forma e características da bandeira son coñecidas do público lector de periódicos e a imaxe da bandeira non é algo alleo para un determinado estrato da sociedade.

Dous son os xornais que informan da presenza no escaparate de Rey Luengo da bandeira que vai ir para o Centro Gallego da Habana. Un deles fai unha descrición moi pormenorizada de como é o estandarte, mentres que o outro obvia todos os detalles, por dar por suposto que o concepto "bandeira galega" é coñecido dos lectores e só fala dos outros detalles do pano bordado. Isto é, dáse por suposto que o público ao ler nun xornal "raso azul y blanco" ten como referente o mesmo obxecto que o outro xornal describe con detalle "el estandarte es de raso blanco y azul como la bandera de este reino".

Con certeza, á altura de 1892 a expresión "raso azul e branco" que con tanta frecuencia aparece na prensa é sinónimo de bandeira galega; bandeira que foi con toda certeza visíbel na Galiza polo menos desde 1878.

## De quen é a idea

A. Villar Ponte escribe que "fué el venerable Murguía el diseñador de la enseña que se generalizó modernamente, a petición del centro Gallego de la Habana." Escribe Villar Ponte máis de 50 anos despois de a primeira bandeira ter sido usada. E atribúelle o deseño a Murguía que poucos anos antes escribera que a bandeira galega era branca e coa cruz de Santiago. Debemos notar que o feito de escribir que era branca, como tamén o fai García Ferreiro, non exclúe que puidese levar azul, igual que cando se fala da bandeira española é habitual facer referencia a unha única cor. Así o fai Brañas na velada de homenaxe a Rosalía de Castro celebrada no Ateneo León XIII en 30 de maio de 1899: "abrazados á bandeira branca de Galicia e á roxa de España", o mesmo Brañas que seis anos antes dixerá **"bandera azul y blanca"** de la pequeña patria" identifica agora cunha única cor branca - non excluínte da azul - a bandeira.

Pola súa parte, o libro *Os símbolos de Galicia*, matiza sobre o deseño e ponlle data: "A bandeira foi deseñada no ano 1890 polo movemento rexionalista, liderado por Manuel Murguía, e empregada por primeira vez un ano despois con motivo do traslado dos restos de Rosalía de Castro a Santiago de Compostela".

Xa sabemos que o uso é moi anterior a 1891. Canto ao deseño, na miña opinión, máis que falar de nacemento espontáneo e de deseño planificado no caso da bandeira cabe falar de consolidación dun patrón baseado na combinación azul e branco que se xestou durante a primeira metade do século XIX e se consolidou a partir de 1875. E nese deseño final, que acabou sendo como describe La Gaceta en 1898 (*La bandera gallega solo tiene dos colores blanco y azul. El fondo es blanco, y desde el ángulo superior de la izquierda hasta el ángulo inferior de la derecha, atravesando el centro, una franja de color azul que debe tener de ancho la tercera parte del alto ó ancho total de la bandera... Claro está que en el centro puede colocarse el escudo de Galicia*), a escola de deseño da Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago tivo unha grande achega e as bordadoras a esa escola ligadas, un grande protagonismo, de xeito que son moitas as posibilidades de que a bandeira nacesse neste contexto en que Alejandra, a filla de Rosalía de Castro e de Manuel Murguía, tamén estaba presente. Sobre a idea de azul e branco a antiga cenefa da bandeira do batallón literario acabou sendo franxa transversal.



## A bandeira de 1891

O traslado dos restos de Rosalía desde o cemiterio da Adina ao de Bonaval realizouse o 25 de maio de 1891. Ese día, como nos conta a prensa, especialmente *La Patria Gallega*, realizouse a exhumación e traslado a Compostela, á estación de Cornes, na altura concello de Conxo, e unha bandeira galega tería ondeado “a los vientos” segundo a información transmitida pola prensa... sete anos despois!!!

A razón de por que se publica sete anos despois a nova do uso da bandeira galega en 1891, ten a ver, sen dúbida coa vaga de patriotismo que nesa semana de xuño de 1898 enchía os periódicos editados na Galiza debido aos conflitos da guerra hispano-yanki. Se cadra é por iso que se pide que a bandeira galega se vexa, polo menos, durante as festas.

*“Sólo recordamos una solemnidad en que vimos el pabellón gallego desplegado a los vientos: fue cuando aquel puñado de escritores, en unión con la Sociedad Económica, llevaron a cabo la traslación de los restos de la gran Rosalía Castro desde el cementerio de Iria Flavia al templo de Santo Domingo de Compostela. Desde entonces no lo hemos vuelto a ver más”.*

Este texto foi publicado en *La Gaceta* mais todos os exemplares deste medio de 1898 están desaparecidos. Polas referencias con que comeza o texto (*“En estos días de fiestas sacramentales hemos visto en todos los balcones y ventanas de Santiago multitud de colgaduras de diferentes formas, tamaños y colores”*) podemos deducir que se está a referir ás festas do Corpus de Compostela. Nese ano de 1898 cadraron o xoves 9 de xuño.

En 1891, no traslado dos restos, a redacción de *La Gaceta* homenaxeou Rosalía cunha grande coroa de flores naturais. En abril de 1892 *La Gaceta* fala da Bandeira de Galiza coa súa forma actual, tal como figura no deseño do estandarte do Centro Galego da Habana. A referencia de *La Gaceta de Galicia* ao aparecemento da bandeira nacional galega nun acto público tan sinalado non pasou desapercibida na imprensa galega. Destarte, a *Revista Gallega* de A Coruña -no seu número 173, publicado en 3 de xullo de 1898- alude ao artigo do xornal de Fernández Tafall e, para restarlle importancia ao publicado polo rotativo compostelán, indica que a enseña galega tamén se exhibira en público na cidade coruñesa nun acto en 1893, posibelmente nos actos en defensa da Capitanía, xustamente o ano en que Brañas indica que o rexionalismo “enarbola” a bandeira azul e branca.

A publicación do texto orixinado en *La Gaceta* non foi un acto illado e a súa periodización para a publicación non parece casual. Coñecemos hoxe outras catro copias publicadas na Galiza entre xuño e xullo de 1898; e outra en Buenos Aires no mes de setembro.

No século XX a popularización da bandeira foi a máis. Usouse en edificios públicos, como no ano 1921 no Palacio Municipal da Coruña e sobre a franxa azul foron aparecendo outros elementos diferentes do cálize, desde unha vaca, a unha labrega, dos dragóns suevos a unha estrela de cinco puntas ou a unha serea. De todos eles foi a estrela de 5 puntas a que alcanzou maior popularidade e

maior simboloxía política ao ser a adoptada polo soberanismo como propia e a da serea por ser debuxada por Castelao.

## Unha serea

Castelao elaborou, no contexto do rexime republicano, unha proposta de bandeira. Desde abril de 1937 e até xuño de 1938 editouse en Barcelona a revista, dirixida por Rafael Dieste, Nova Galiza. O número 6 daba a coñecer a proposta de Castelao para bandeira galega. A bandeira que debe representar o novo tempo – di Castelao – pode ser a mesma que coñecemos desde o século XIX, mais o escudo que vai sobre a franxa azul debe mudarse por outro, e ese outro, continúa, debe ser representativo tanto da nosa historia como da alianza entre as clases traballadoras do país, recorrendo a unha simboloxía que lembre a grandeza espiritual e social da Galiza. Despois de avaliar diferentes posibilidades conclúe Castelao que “Non nos restaba máis que unha fouce de ouro sobre fondo azul e unha estrela vermella como emblemas de traballo e liberdade.

Circundando o escudo era preciso deixar patente o martirio de Galiza. E a serea, que pertence á heráldica como símbolo mariñeiro, para falar dos horizontes atlánticos.” Eis o nacemento dunha bandeira, a única da que coñecemos o deseñador.



## E unha estrela

O percorrido daquela bandeira, e da historia da Galiza desde 1937, é ben coñecido mais, case 40 anos despois, sobre a franxa azul da bandeira atopamos unha variación: unha estrela de cinco puntas.

A presenza da estrela vermella de cinco puntas, sobre a franxa azul da bandeira, podemos documentala desde 1976, aínda que a decisión de utilizar unha estrela como símbolo de liberación nacional e indicativo de que o nacionalismo tiña un carácter absolutamente popular e de esquerdas, partía do ano anterior, de 1975, ano en que a Unión do Povo Galego decide situar a estrela no centro da bandeira.

Igual que sucedeu no século XIX, hai tamén neste caso datas e acontecementos diferentes para o primeiro uso; e nomes distintos para sinalar a responsabilidade da idea. E outra coincidencia, igual que as bordadoras do século XIX, as primeiras bandeiras da Patria tamén foron bordadas, ou cosidas, por mans de muller, sendo Carme Graña, Carmiña de Cangas, quen, empregando a máquina da veciña, confeccionou as primeiras bandeiras con estrela.






## Concluindo

A actual estética da bandeira quedou fixada no derradeiro cuarto do século XIX e, por mais que desde 1878 as cores azul e branca aparecen como identificadoras da bandeira da Galiza, até ben entrado o século XX abundan os defensores dunha bandeira branca coa cruz de Santiago. Mais a bandeira branca coa franxa azul, tal como publicou a prensa a final do século XIX, foi aceptada pola maioría do galeguismo e, finalmente, por toda a Galiza.

Hoxe a bandeira oficial da Galiza, o seu uso e proporcións está regulado pola lei 5/1984 de 29 de maio de 1984 e incorpora sobre a franxa azul o escudo.









colabora:



**Deputación  
DA CORUÑA**